Versión xullo 2013

Capítulo UN

Obxecto e método

Xénese, ámbito, obxecto e metodoloxía

Xénese do informe

A lei 6/1995 de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, atribúe a este organismo, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

No ámbito destas funcións se enmarcan os Informes Territoriais, encargándose da súa elaboración a Comisión Sectorial nº 3: Desenvolvemento rexional. Este estudio de Vigo e a súa área de influencia presenta dous cambios importantes en relación aos anteriores: dunha banda, pásase do concepto de área funcional a área de influencia, por entender que se adapta mellor ao actual contexto, e por outra, modifícase a metodoloxía empregada para dar unha maior importancia á parte valorativa.

Ámbito de estudo

Á hora de definir o ámbito territorial obxecto de estudo, a primeira reflexión que se fixo foi a da delimitación da área de influencia. É dicir, tratábase de establecer os criterios que se toman para definir o devandito ámbito e, en base aos mesmos, qué concellos o integran.

O concepto de "área de influencia", como referente xeográfico de análise socioeconómico, non é un concepto obxectivo, definible aprioristicamente. De entrada, a distancia xeográfica respecto do eixo central que se toma como referencia constitúe un criterio delimitador decisivo, de tal xeito que, a menudo, a intensidade dos vínculos relacionais existentes entre territorios é menor a medida que nos alonxamos do dito punto. Asemade, este concepto se sustenta noutros referentes, puidendo variar segundo o aspecto que en cada caso se trate de ana-



lizar (residencial, laboral, educativo, comercial, ocio ...). Parece claro tamén que a configuración e evolución da área virá determinada, en gran parte, pola mellora das infraestruturas de comunicación entre territorios creadores de vínculos de moi variado tipo.

En referencia ao estudo que agora abordamos, o espazo xeográfico nel comprendido determinouse en función dos seguintes criterios:

– En primeiro lugar, a consideración da ría de Vigo como eixo vertebrador de todo o territorio, dinamizador socioeconómico e principal fonte de identidade.
– O consenso existente en canto a quen integraba a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, e que hoxe en día integran a Área Metropolitana de Vigo.
– A intensa e crecente mobilidade poboacional interna.
– A existencia de vertentes ben definidas dende o punto de vista residencial, industrial, portuario ou residencial.

Atendendo aos devanditos criterios, a área de influencia de Vigo estaría composta polos seguintes 19 concellos: os catorce

Matriz DAFO. Análise da situación actual

ANÁLISE INTERNA (factores endóxenos)	ANÁLISE EXTERNA (factores esóxenos)
FORTALEZAS Aspectos positivos da situación actual e propia do territorio. Reflicte as capacidades, recursos, posicionamentos acadados ou vantaxes para o seu desenvolvemento.	OPORTUNIDADES Aspectos positivos do entorno exterior e a súa proxección futura. Reflicte aspectos que favorecen a mellora futura do territorio.
DEBILIDADES Aspectos negativos da situación actual e propia do territorio. Reflicte aspectos que reducen ou limitan a capacidade de desenvolvemento.	AMEAZAS Aspectos negativos do entorno exterior e a súa proxección futura. Reflicte elementos externos que podan ser obstáculos para acadar os obxectivos propostos para o territorio.

1.2.

concellos da Área Metropolitana de Vigo –Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior e Vigo-; o municipio de As Neves, por mor da localización da Plisan e a súa importancia como centro loxístico para algúns dos sectores produtivos máis importantes da área; o concello de Ponteareas, dada a forte vinculación laboral e a mobilidade da man de obra pola súa proximidade a O Porriño, núcleo industrial de referencia da área; Mondariz e Mondariz-Balneario, polo seu importante papel no ámbito do turismo de calidade e a relación directa desta actividade coas infraestruturas de transporte (especialmente o aeroporto de Vigo); e, finalmente, o concello de Vilaboa, tendo en conta a consideración da ría de Vigo como eixe central do territorio.

Obxecto do informe

Ao igual que nos anteriores informes sobre as áreas xeográficas, o obxecto deste estudo é levar a cabo un diagnóstico da situación económica e social do territorio considerado a partir tanto da información estatística dispoñible como dos datos cualitativos obtidos a través de enquisas e entrevistas.

Para abordar este obxectivo, o informe organízase en dúas grandes partes. A primeira, de carácter basicamente descritivo, está dedicada á análise do panorama xeral e dos factores de crecemento. O capítulo 2 do estudio, **"Panorama xeral"**, presenta un diagnóstico xenérico sobre a realidade socioeconómica da área, centrándose en aspectos como o territorio, a demografía, o contexto económico-financeiro, o mercado de traballo e os sectores produtivos. O terceiro capítulo, **"Factores de crecemento"**, céntrase na análise dos principais factores que inciden na capacidade produtiva dun país. Analizadas xa as cuestións relacionadas co territorio (recursos naturais) no "Panorama xeral", os catro factores de crecemento considerados son, por esta orde, e segundo a opinión xeneralizada das persoas e institucións consultadas, a formación ou capital humano, a innovación, as infraestruturas e equipamentos e a internacionalización.

A segunda parte, de carácter xa máis valorativo, consta tamén de dous capítulos. Sobre a base do exposto na primeira parte deste informe, e tendo en conta a percepción que diversas institucións e axentes económicos e sociais expresaron acerca da

situación de Vigo e a súa área de influencia a través tanto das consultas e entrevistas realizadas como dos cuestionarios cubertos, o capítulo 4 presenta unha **análise DAFO** (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). O obxectivo desta análise, que permite visualizar e resumir a situación actual do territorio, é axudar a atopar os factores estratéxicos críticos para, unha vez identificados, establecer as actuacións para consolidar as fortalezas, minimizar as debilidades, aproveitar as vantaxes das oportunidades e eliminar ou reducir as ameazas.

A análise baséase en dous piares básicos: unha análise interna e outra análise externa do territorio. Un esquema deste método de estudo está recollido no **cadro 1.2.**

No último capítulo, **Consideración e propostas de futuro**, sistematízanse as directrices estratéxicas sobre as que basear a mellora do posicionamento e competitividade que, dun xeito consensuado, propoñen as organizacións e institucións representadas no Consello Económico e Social de Galicia en relación á situación actual e perspectivas de futuro de Vigo e a súa área de influencia.

Finalmente, e tal e como se deduce dos obxectivos expostos nos parágrafos anteriores, cómpre matizar que este traballo non pretende ser un Plan Estratéxico para Vigo e a súa área de influencia.

Metodoloxía

A metodoloxía aplicada neste informe se sustenta sobre catro aspectos clave:

– En primeiro lugar, non se parte de cero. O estudio ten en conta os distintos traballos realizados con anterioridade sobre Vigo e a súa área, tanto a nivel global como sectorial.


– A información estatística dispoñible. Non obstante, atopámonos coa restrición de que a medida que se descende a nivel xeográfico, esta información cada vez é menor e en moitos casos presenta un desfase temporal respecto á existente, por exemplo, para o caso galego ou estatal. Isto leva, entre outras cousas, unha dificultade á hora de realizar comparacións. A data de peche para a recepción de datos estatísticos para a súa posterior análise fixouse no 31 de marzo de 2013.

– O devandito condicionamento estatístico e o impacto da crise económica e financeira internacional, que se deixou notar xa de xeito claro en Vigo e a súa área de influencia no segundo semestre de 2008 segundo reflicte o "Index Vigo" (Fundación Provigo y su Área, 2009), fan necesario completar dita información cunha análise cualitativa a partir dos datos recollidos nos cuestionarios ou entrevistas realizadas. A selección do "panel de expertos" entre unha serie de organizacións, institucións, entidades e persoas directamente implicadas ou coñecedoras do territorio fíxose de tal xeito que estivesen representadas e se contase cos sectores produtivos máis representativos e/ou con potencial.

– As valoracións dos membros do CES, que se recollen fundamentalmente no capítulo de consideracións.

Tal e como se recolle no **cadro 1.3.**, a elaboración deste informe fíxose seguindo cinco grandes fases. Na primeira etapa realizouse unha revisión dos principais estudios sobre Vigo e a súa área de influencia así como a análise das principais fontes de información estatística. Ao mesmo tempo, e dende un punto de vista cualitativo, elaborouse un cuestionario aberto para coñecer a opinión de distintas persoas e institucións directa ou indirectamente relacionadas co desenvolvemento do tecido socioeconómico de Vigo e a súa área de influencia.

Metodoloxía de elaboración do informe sobre Vigo e a súa área de influencia



1.3.

Os criterios de selección deste "panel de expertos" foron que estiveran representadas as distintas institucións e organismos públicos, as principais organizacións empresariais e/ou sectoriais, así como ter en conta a opinión de empresas individuais e dos centros tecnolóxicos e de I+D+i con sede no territorio obxecto de estudio. Asemade, considerouse necesario contar coa opinión de persoas, particularmente profesores universitarios, a nivel individual, coñecedores da realidade socioeconómica de Vigo e a súa área de influencia.

A segunda e terceira fase do estudio consistiu basicamente na análise da información recollida nas estatísticas consultadas o que permitiu realizar a primeira parte do estudio: Análise descritiva.

As dúas últimas fases, que se corresponden cunha análise máis cualitativa e que está recollida nos capítulos cuarto e quinto, consistiron na elaboración da matriz DAFO e na redacción das consideracións e propostas de políticas e medidas a aplicar. ❑